

ALFRED JARRY

UBÚ ENCADEADO



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/)

Citar como:

Alfred Jarry: *Ubú encadeado*

Tradución ao galego de Henrique Harguindey.

<http://palabrasdesconxeladas.gal>



PERSONAXES

Pai Ubú
Nai Ubú
Eleuteria
Mexapouquiño
Mexanopenico
Lord Catoblepas
Jack, o seu criado
Frei Tiburcio
Os tres homes libres
Solimán, sultán dos turcos
Visir
Carcereiro
Beatas
O Presidente
Xuíces
Avogados
Secretarios
Alguacís
Gardas
Policías
Derrubadores
Cómitres
Decano dos forzados
Forzados
Pobo

ACTO PRIMEIRO

ESCENA PRIMEIRA

Pai Ubú, Nai Ubú

NAI UBÚ : O que ! Non dis nada, Pai Ubú ? Seica che esqueceu aquela palabra ?

PAI UBÚ : Perda !...Foi unha perda, Nai Ubú ! Non quero volver dicir a palabra aquela, tróuxome moitas incomodidades.

NAI UBÚ : Como que incomodidades ? O trono de Polonia, a gran capelina, o paraugas...

PAI UBÚ : Nai Ubú, non quero xa o paraugas, resulta moi difícil de manexar, mellor fora, que coa miña ciencia en física, tivera impedido a chuvia !

NAI UBÚ : Gran burricán !...Os bens dos nobres confiscados, os impostos repetidos tres veces, a miña amorosa presenza no teu espertar na caverna do oso, o billete gratuito no navío que nos levou a Francia onde –por virtude desta benfadada palabra has ser nomeado cando che pete Mestre das Finanzas ! Velaquí estamos en Francia, Pai Ubú Seica é o momento de xa non saber falar francés?

PAI UBÚ : Cornachedrolla, Nai Ubú ! Eu falaba francés cando estabamos en Polonia, Iso non lle impediu ao mociño Amolao de me descoser a morcedrolla, nin ao capitán Bordadura de me traicionar da maneira máis indigna, nin ao Zar de lle meter medo ao meu cabalo das fynanzas deixándose caír parvamente nun foxo, nin aos inimigos de dispararen, malia as nosas recomendacións, pola banda da nosa graciosa persoa, nin ao oso de rachar os nosos palotinos aínda que nós lle falaráramos en latín dende o noso penedo e nin a vós, señora esposa nosa, de dilapidardes os nosos tesouros e os doce patacos diarios do noso cabalo das fynanzas !

NAI UBÚ : Esquece coma min esas mixiricadas. Mais : de que habemos vivir se non queres ser xa nin Mestre das Finanzas nin rei ?

PAI UBÚ : Do traballo das nosas mans, Nai Ubú !

NAI UBÚ : Como, Pai Ubú : queres zoupar na xente que pasa ?

PAI UBÚ : Non, ho ! Non terían máis que devolverme os paus ! Quero ser bo coa xente que pasa, traballar para eles, Nai Ubú ! Pois que estamos no mundo onde a liberdade é igual á fraternidade, a que só é comparable á igualdade da legalidade, e posto que eu non son capaz de facer coma todos e que me é igual ser igual a todos pois que son eu aínda quen hei de acabar por matar a todos, voume poñer de escravo, Nai Ubú !

NAI UBÚ : Escravo ! És grande de máis, Pai Ubú !

PAI UBÚ : Así hei facer mellor o choio duro. E vós, señora nosa femia, ídenos preparar o noso mandil para escravo, a nosa vasoira para escravo, o noso gancho para escravo e a nosa caixa de betún para escravo, e vós seguíde tal como estades, para que cadaquén vexa sen dúbida ningunha que estades revestida co voso fermoso traxe de cociñeira escrava !

ESCENA II
Campo de Marte
Os tres homes libres, o cabo

OS TRES HOMES LIBRES : Somos os homes Libres e este o noso cabo –Viva a liberdade, a liberdade, a liberdade Somos libres ! –Non esquezamos que o noso deber é ser libres. Vamos máis a modo, senón imos chegar á hora. A liberdade é non chegar nunca á hora. -Nunca, nunca ! Exercitemos a liberdade. Desobedezamos xuntos... Non, xuntos non ! Unha, dúas e tres : o primeiro á de unha, o segundo á de dúas e o terceiro á de tres. Velaí está a diferenza toda. Inventemos cadaquén un tempo diferente, aínda que sexa fatigoso. Desobedezamos individualmente –ao cabo dos homes libres.

O CABO: A formar todos !

(Eles espállanse)

Ti, home libre número tres, dous días de arresto, por poñéreste aliñado co número dous. A teórica di: Sede libres ! –Exercicios individuais de desobedecemento... A indisciplina cega e a todo momento produce a forza principal dos homes libres. – Presenten ...armas !

OS TRES HOMES LIBRES : Falemos na formación ! –Desobedezamos. –O primeiro á de unha, o segundo á de dúas, o terceiro á de tres. –Unha, dúas, tres !

O CABO: Todos ao tempo ! Número un, tiñas que pousar a arma no chan ; número dous, levantar a culata no aire ; número tres, lanzala seis pasos atrás e tomar despois unha actitude libertaria. Rompan filas ! Unha, dúas ! Unha, dúas !

(Forman e saen evitando camiñar acompañados)

ESCENA III
Pai Ubú, Nai Ubú

NAI UBÚ : Pai Ubú, Pai Ubú, que guapo estás co teu pucho e o teu mandil. Busca agora algún home libre, para probar nel o teu gancho e o teu cepillo de betún e estrear o máis axiña as túas novas funcións.

PAI UBÚ : Ei, estou mirando tres ou catro que liscan por alá !

NAI UBÚ : Pilla un, Pai Ubú !

PAI UBÚ : Cornachedrolla ! Non pido outra cousa ! Betún nos pés, corte do pelo, queima do bigote, afundimento do garabullíño nas onellas...

NAI UBÚ : Ei, Pai Ubú, estás perdendo a cabeza ! Aínda te cres rei de Polonia.

PAI UBÚ : Señora miña femia, ben sei o que fago e vós, vós ignorades o que dicides. Cando era rei, eu facía todo iso pola miña gloria e por Polonia, e agora vou poñer unha tarifa segundo a que me han pagar : torsión do nariz 3 € 25, por exemplo. Por unha cantidade aínda máis pequena facíavos aínda pasar pola vosa propia cacerola.

(A Nai Ubú foxe)

Sigamos, de todos os xeitos, a esa xentiña para lle transmitir a nosa oferta de servizos.

ESCENA IV

Pai Ubú, o cabo, os tres homes libres

(O cabo e os tres homes libres desfilan un tempiño, o Pai Ubú únese ao paso deles)

O CABO : Presenten... armas !

(O Pai Ubú obedece coa súa escova)

PAI UBÚ : Viva o exercimerdra !

O CABO : Alto ! Alto ! Ou, mellor, non ! Desobedientes, seguides !

(Os homes libres paran e o Pai Ubú apártase)

Quen é o recruta este, máis libre que todos vós, e que inventou un manexo de armas que nunca vin, nos sete anos que levo mandando ? Presenten...armas !

PAI UBÚ : Obedecemos, señor, para cumprirmos o noso deber de escravo. Presentei arma.

O CABO: Teño explicado ben veces ese movemento e é a primeira vez que o vexo realizar. Vós coñecedes mellor ca min a teoría da liberdade. Vós tomádesvos mesmo a de facer o que vos ordenan. Sodes un gran home libre, señor ! Señor...o que ?

PAI UBÚ : Señor Ubú, antigo rei de Polonia e de Aragón, conde de Mondragón, conde de Sandomir, marqués de Sangrugás. Actualmente escravo, para vos servir, señor. Señor... o que ?

CABO : Mexapouquiño, cabo dos homes libres... mais se hai señoras son o Marqués de Pradogrande. Lembrádevos por favor, de que cómpre dar-me só o meu título, mesmo se chegades a mandar sobre min, porque xa vos recoñezo sarxento, como mínimo, polo saber.

PAI UBÚ : Cabo Mexapouquiño, lembrarémolo, señor. Mais viñen a este país para ser escravo e non para dar ordes, inda que teña sido sarxento, como dicides, cando era pequeno, e mesmo capitán de dragóns. Cabo Mexapouquiño, a máis ver.

(Vaise)

O CABO : A máis ver, conde de Sangrugás. –Escadrón, alto !

(Os homes libres póñense en marcha e saen polo outro lado)

ESCENA V

Eleuteria, Mexanopenico.

MEXANOPENICO : Miña Eleuteriña, paréceme que chegamos un pouco tarde.

ELEUTERIA : Tío Mexanopenico...

MEXANOPENICO : Cala, non me chames así, mesmo se non hai ninguén ! Ou seica Marqués de Grandesaires non é máis sinxelo, como se vé porque non fai que a xente se volva mirando para ti ? E mais pódeme chamar sen máis « meu tío ».

ELEUTERIA : Meu tío, non importa que cheguemos tarde. Desde o momento en que me conseguistes o emprego...

MEXANOPENICO : Polas miñas altas relacións.

ELEUTERIA : ...de cantineira dos homes libres, quedei con algunhas das frases da súa teoría da liberdade. Chego tarde e eles non beben, teñen sede e entenden moito mellor a utilidade dunha cantineira.

MEXANOPENICO : Así non te ven nunca, e sería moito máis intelixente non vir nadiña día tras día asar o teu tío no forte sol deste campo de manobras.

ELEUTERIA : Tío Mexa... Tío, se por iso é, quedade na vosa casa.

MEXANOPENICO : Non estaría ben, miña sobriña, miña Eleuteriña. Non hai que lles deixar aos homes coller liberdades de máis. Un tío, mesmo se non impide nada, é o pudor vivo. Non ves sendo unha muller...libre, ves sendo unha sobriña. Xa esixín, enxeñosamente –aínda que o uso deste país libre sexa de ir en carrancho- que ti só descubras os pés...

ELEUTERIA : Nunca me mercades zapatos.

MEXANOPENICO : Téñolles menos medo aos homes libres que ao voso prometido o marqués de Pradogrande.

ELEUTERIA : E mais dades este serán un baile en honra del...Que bonito é o é o seu nome, meu tío !

MEXANOPENICO : Por iso mesmo, miña querida, lémbroche con algunha insistencia que non está ben que a min me chames diante súa...

ELEUTERIA : Mexanopenico. Non me ha esquecer, meu tío.

ESCENA VI *Os mesmos, Pai Ubú.*

PAI UBÚ : Estes militares non son ricos, por iso preferiría servir a outros personaxes. Ei ! Esta vez descubro unha damiña encantadora que ten unha antuca de seda verde decorada en vermello levada por un respectable señor. Tratemos de non asustala. –Cornachedrolla ! Pola miña candea verde ! Miña nena delicada, tomo a liberdade, a vosa liberdade de vos ofrecer os meus servizos. Torsión do nariz, extracción dos miolos...non, estoume enganando : betún nos pés...

ELEUTERIA : Deixádeme.

MEXANOPENICO : Estadese soñando, señor, ela vai descalza.

ESCENA VII *Os mesmos, e despois Nai Ubú.*

PAI UBÚ : Nai Ubú ! Trae o gancho do betún e a caixa do betún e o cepillo do betún e ven termar dela firmemente polos pés !

(A Mexanopenico)

E vós, señor!...

ELEUTERIA E MEXANOPENICO : Socorro !

NAI UBÚ (*Acudindo*) : Velaí vou, Pai Ubú. Obedézote. Mais : que fas co teu aparello para calzado ? Non leva calzado, ela.

PAI UBÚ : Quérolle betumar os pés co cepillo para betumar os pés. Son escravo, cornachedrolla ! Ninguén me vai impedir de facer o meu deber de escravo. Vou servir sen misericordia. Mattái, desmiolái !

(*A nai Ubú terma de Eleuteria. O Pai Ubú lánzase cara a Maxanopenico*)

NAI UBÚ : Que estúpida brutalidade ! Agora está desmaiada..

MEXANOPENICO : E eu morrín !

PAI UBÚ (*Dando betún*) : Ben sabía eu que ía facer que parasen quietos. Non me gusta que me fagan rebumbio ! Xa non teño máis que lles reclamar o salario debido, que gañei honestamente coa suor da miña fronte.

NAI UBÚ : Despértaa, para que che pague.

PAI UBÚ : Ai, non, que ía querer darme unha propina, seguramente. Eu non reclamo máis que o prezo xusto do meu traballo. E, a maiores, para evitar toda parcialidade, cumpría resucitar o homiño que exterminei, e levaría moito tempo E, ao cabo, como bo escravo, teño que prever os seus menores acenos. Ei ! Velaí o portafinanzas da mociña e o portadocumentos do señor. Veña para o sacco !

NAI UBÚ : Quedas con todo, Pai Ubú ?

PAI UBÚ : Seica crés que vou malbaratar o froito do meu traballo facéndoches regalos, lurpia parva ?

(*Lendo papeis*) Cincuenta euros... cincuenta euros... mil euros... Señor Mexanopenico, marqués de Grandesaíres.

NAI UBÚ : Quero dicir : non lle deixades nadiña, señor Ubú ?

PAI UBÚ : Nai Ubú, mítote nu sacco con exorbitación dos ollos ! E mais nesta bolsa non hai máis que catorce moedas de ouro co retrato da Liberdade.

(*Eleuteria volve en si e tenta de fuxir*)

E agora vai buscar un coche, Nai Ubú.

NAI UBÚ : Pusilánime ! Nin tés a coraxe de escapar a pé, agora !

PAI UBÚ : Non, quero unha dilixencia grande para pousar nela esta amorosiña rapaza e levala de volta á súa casa.

NAI UBÚ : Pai Ubú, és totalmente incoherente. Vexo que te vas estragando, agora víraste un home honrado. Dóeste das túas vítimas : toleas, Pai Ubú ! – E a maiores deixas por aí ese cadáver que van ver decontadiño.

PAI UBÚ : Ei, estoume enriquecendo !...como sempre. Sigo co meu traballo de escravo. Imola chimpar no vehículo...

NAI UBÚ : E o Mexanopenico ?

PAI UBÚ : No maletreiro, para facermos desaparecer as pegadas do crime. Ti vas subir con ela para facer de enfermeira, de cociñeira e máis de dama de compañía, e eu vou gabear atrás...

NAI UBÚ (*Traendo a dilixencia*) : Vas poñer unhas bonitas medias brancas e un traxe dourado, Pai Ubú ?

PAI UBÚ : E máis si ! Téño ben merecido polos meus desvelos ! – E, a propósito, como aínda non as teño, son eu o que vou acompañar a dama aí dentro e ti a que te vas empolicar atrás.

NAI UBÚ : Pai Ubú, Pai Ubú...

PAI UBÚ : Andandiño !

(Entra con Eleuteria. O vehículo ponse en marcha)

ACTO SEGUNDO

ESCENA PRIMEIRA

Corte da dilixencia.

Pai Ubú, Eleuteria.

PAI UBÚ : Miña nena delicada, vede en min o máis devoto dos vosos escravos : unha palabra vosa,- cornachedrolla !- para eu saber que os meus servizos son do voso agrado.

ELEUTERIA : Non estaría ben, señor. Lémbrome das leccións do meu tío. Non debo permitir liberdade ningunha de home ningún máis que en presenza do meu tío Mexanopenico.

PAI UBÚ : O voso tío Mexanopenico ! Se por iso é, non hai problema, miña neniña ! Tivemos a previsión de o traermos connosco no maleteiro deste vehículo !

(Brande o cadáver de Mexanocribo, Eleuteria desmáíase)

PAI UBÚ : Pola miña candeia verde ! Esta mocíña non deu entendido ben que non lle fagamos as beiras, tendo nós a precaución de nos provermos do tío e mais a de pendurarmos detrás do vehículo a nosa benquerida Nai Ubú, que nos rebentaría o fol ! Nós mendigabamos na súa casa un posto de lacaio ! O seu tío non nolo negou. E agora -cornachedrolla- quero ir facer garda á porta desta dama mentres a Nai Ubú lle prodiga os seus coidados, visto que se desmaia tan a miúdo. Heilles negar a entrada aos que pidan vela. Amurallareina entre os meus servizos a todo momento. Non a abandonarei. Viva a escravitude !

ESCENA II

Vestíbulo de Maxanopenico.

Pai Ubú, Nai Ubú.

NAI UBÚ : Chaman, Pai Ubú.

PAI UBÚ : Cornafinanza ! Sen dúbida é a nosa fiel ama. A xente sabia, para non perder os seus cans, ponlles un axóuxero no pescozo, e obrígase aos ciclistas a se anunciaren, por medo a un accidente, cunha choquiña que se sinta a cincuenta pasos como mínimo. Igualmente xulgamos a fidelidade dun amo cando repenica durante cincuenta minutos. Quérenos el dicir : Estou aquí, acougade, que eu vixío o voso lecer.

NAI UBÚ : Escoita, Pai Ubú, ti es o seu criado persoal, o seu cociñeiro, o seu mordomo. Se cadra ela ten fame e tenta de se facer discretamente lembrar pola

túa benevolente atención, para se informar se deches orde de que serviran á Señora.

PAI UBÚ : Nai Ubú : non serviron á Señora ! Han servir á Señora cando nós o xulguemos axeitado, cando teñamos rematado de nos restaurarmos nós mesmos, e se queda algún restiño da nosa comida !

NAI UBÚ : Segue estando aí a vasoiriña ?

PAI UBÚ : Xa non a utilizo moito. Era boa cando era rei, para facer rir os cativos. Agora nós temos máis experiencia e observamos que o que fai rir os cativos igual lles mete medo aos adultos. Mais –pola miña candea verde !- non hai quen ature o timbre ese, xa sabemos de abondo que a Señora está aí ; un amo estiloso non debe facer rebumbio fóra da época nin fóra do servizo.

NAI UBÚ : Se non queda nada de comer poderíaslle ofrecer de beber : non si, pai Ubú ?

PAI UBÚ : Cornachedrolla ! Para que nos deixe tranquilo teremos esa extremada compracencia !

(Baixa encarraxado á adega e trae en varias viaxes doce botellas)

NAI UBÚ : Ai ! Ai ! Socorro ! Ben dicía eu que toleara ! El, tan cunicho, regalar nove botellas ! E de onde as tirou ? Non me quedaba nin un frasquiño pequeno.

PAI UBÚ : Velaí, señora nosa esposa. Ídelle render testemuño da nosa galantería e xenerosidade á nosa ama. Facendo escorrer con moito coidadiño todas estas cousas baleiras, espero que ides atopar con que lle ofrecer da nosa parte un vaso de viño.

(A nai Ubú, calmada, comeza a obedecer. Dunha das botellas escápase unha araña enorme. A nai Ubú lisca dando berros agudos. O Pai Ubú apodérase do bicho e méteo no seu tabaqueiro)

ESCENA III

Cuarto de Eleuteria.

Eleuteria, corpo de Maxanopenico.

ELEUTERIA : Ai, Ai ! Socorro ! Vale máis chamar pola nauseabunda parella que se impuxo ao meu servizo que quedar eu soa cun morto !

(Toca o timbre)

Non ven ninguén. Se cadra non tiveron o arroallo de se instalaren na casa da súa vítima. Noxento Pai Ubú ! Horrible esposa súa !

(Toca o timbre)

Ninguén ! Malfadado Mexanopenico ! Meu tío ! Meu querido tío ! Meu tío Mexanopenico !

MEXANOPENICO *(Sentándose sobre o seu tronco)* : Marqués de Grandesaires, miña nena !

ELEUTERIA : Oh !

(Desmáíase)

Ben, agora é ela a que fai a morta ! A cousa cambia. Miña Eleuteriña !

ELEUTERIA : O que, meu tío ?

MEXANOPENICO : Entón ! Xa non estás desmaiada ?

ELEUTERIA : E vós, meu tío : p...pppor que xa non estades morto ?

MEXANOPENICO : Como pppor qué ?

ELEUTERIA : Marqués de Grandesaires. Xa comezaba eu a dicir Mexanopenico.

MEXANOPENICO : Ti sábesme asosegar. Non estaba morto de todo. Non fixen máis que esaxerar o meu sistema de te acompañar a todas as partes sen resultar molesto, de asistir a todo sen outro aceno senón o de ser teu tío.

ELEUTERIA : E iso tróuxovos á vosa casa no maletreiro do vehículo. Mais, dado que non estades morto, conto coa vosa coraxe e a vosa autoridade para poñer fóra ese Pai Ubú e a súa digna esposa.

MEXANOPENICO : E para que ? Xa lles paguei, sen dar chío, varios meses de honorarios. Son bós criados. E saben ser estilosos tamén, porque a primeira preocupación do Pai Ubú foi ler os meus documentos e aprender de chapatoria : marqués de Grandesaires, maqués de Grandesaires ! Este serán, no baile do teu prometemento co Señor de Pradogrande, quero que sexa o Pai Ubú o que anuncie os invitados.

ELEUTERIA : Os Ubú non obedecen nunca !

(Toca o timbre)

MEXANOPENICO : E logo por que os chamas se non queres velos ? Son bós criados, miña sobriña. E máis, se queres por riba de todo que alguén os poña fóra, o cabo marqués de Pradogrande, que ten o hábito de mandar en desobedientes

profesionais, hase encargar de facelo este serán. A este baile rógase asistir de uniforme : ora ben, a escadra dos seus homes libres faille de uniforme de distanciamento xerárquico.

ESCENA IV
Vestíbulo.
Pai Ubú, Nai Ubú

PAI UBÚ (*Placidamente*) : Seguen a chamar.

NAI UBÚ : Non é a Señora, a que chama : sen dúbida entendeu que non estabamos, que hoxe non recibiamos ordes. É á porta

PAI UBÚ : Á porta, Nai Ubú ? Que o noso desvelo non descoide as súas funcións de escravo porteiro. Pasa o ferrollo, bota a tranqueira, ponlles o candado ás doce pechaduras e comproba se o cazoliño que ti ben sabes, na xaneliña, por riba dos visitantes, esta listo para caír ao primeiro sinal, e cheíño de a feito.

NAI UBÚ : O timbre está arrancado, mais agora petan. Debe ser un visitante considerable.

PAI UBÚ : Daquela, Nai Ubú, prende o cabo da cadea do noso colar ao anelo de ferro do vestíbulo e pendura na escaleira o antigo letreiro : OLLO AO CAN. Vou trabar na xente se ten a audacia de se introducir, e mais pisarlle os pés.

ESCENA V
Os mesmos, Mexapouquiño

(*Mexapouquiño afunde a porta. Batalla grotesca cos Ubs*)

MEXAPOUQUIÑO : Escravo... Ei, sarxento dos homes libres, sodes criado de aquí ? Anunciade o Señor de Pradogrande.

PAI UBÚ : A Señora saíu, señor Mexapouquiño ! Ou máis exactamente : hoxe non é o día no que lle permitimos recibir alguén. Prohibovos vela.

MEXAPOUQUIÑO : É o momento de demostrar que sei de chapatoria a miña teoría da indisciplina. Vou entrar, despois de vos ter castigado coa xostra !

(*Tira do seu peto unha xotra para cans*)

PAI UBÚ : A xostra ! Escoitas, Nai Ubú ? Vou ascendendo : betuma-pés, lacaio, porteiro, escravo xostrado. Axiña estarei na prisión e un día, se Deus me conserva a vida, hei estar nas galeras. A nosa fortuna esta asegurada, Nai Ubú.

MEXAPOUQUIÑO : É moito choio, se lle quero bater no lombo e mais no bandullo. Que superficie !

PAI UBÚ : Ei ! Que gloria ! Esta correa obedécelles ás curvas todas da miña chedrolla. Semello talmente un encantador de serpes.

NAI UBÚ : O que semellas é un trompo bailado por pelica de anguía, Pai Ubú.

MEXAPOUQUIÑO : Uf, non podo máis ! E agora, Pai Ubú, ordénovos que me anunciades á vosa ama.

PAI UBÚ : Ei ! Primeiro de nada : quen sodes vós para me dar ordes ? Aquí mandan só os escravos. Tedes vós algún grado en escravitude ?

MEXAPOUQUIÑO : Cabo, militar, escravo ! Son escravo en amor, unicamente. Eleuteria de Grandesaíres, a fermosa cantineira dos homes libres, a miña prometida, é efectivamente a miña *dona* se así o entendedes.

PAI UBÚ : Cornachedrolla, señor ! Non o pensaba. Aquí eu son escravo para todo. Estádesme lembrando os meus deberes, Ese servicio é competencia miña, vou cumprilo decontadiño no voso lugar...

NAI UBÚ : Ei, meu gordechón ! Que é o que vas facer ?

PAI UBÚ : O señor, que é libre, vaime substituír á túa beira, miña neniña.

(O Pai Ubú, perseguido pola Nai Ubú e Mexapouquiño, sobe as escaleiras)

ESCENA VI

*Baile na casa de Mexanopenico.
Eleuteria, Mexanopenico, Pai Ubú, Nai Ubú.*

(O Pai Ubú baila o vals con Eleuteria)

ELEUTERIA : Socorro ! Meu tío, defendédeme !

MEXANOPENICO : Fago todo o que podo. Son teu tío.

NAI UBÚ *(acudindo, cos brazos cara ao ceo)* : Pai Ubú, Pai Ubú, bailas de xeito ridículo, papaches nun segundo todo o buffet, tes marmelada até os ollos e os

cóbados, levas a túa parella de baile mal collida e xa non tes a xostra do cabo para che axudar a dar voltas. Vas caír enriba da túa chedrolla !

PAI UBÚ (*a Eleuteria*) : Ei, miña neniña, que encanto teñen para nós os praceres mundanos ! Quixen cumprir os meus deberes de criado anunciando a xente, mais non había ninguén (dixéronme que anunciase, non que abrise), e tamén servindo no buffet, mais non había a quen servir ; daquela comín todo eu ! E alguén ten que vos convidar a bailar o vals, cornachedrolla ! Daquela, entrégome, vállame a miña candea verde ! Sempre a Nai Ubú terá menos piso que encerar !

(*Bailan*)

ESCENA VII

Os mesmos.

Irrompen Mexapouquiño e os tres homes libres.

MEXAPOUQUIÑO : Non toques ese home ! Vai perecer pola miña man ! Non o prendades !

OS TRES HOMES LIBRES : Desobedezamos. Non, xuntos non ! Unha, dúas, tres !

(*Ao Pai Ubú*)

Á prisión ! Á prisión ! Á prisión !

(*Lévano, dirixidos por Mexapouquiño*)

ELEUTERIA (*Bótase nos brazos de Mexanopenico*) : Meu tío Mexanopenico !

MEXANOPENICO : Marqués de Grandesaires, miña nena querida.

NAI UBÚ (*Correndo atrás do Pai Ubú*) : Pai Ubú, Sempre compartín a túa mala fortuna, non dubido en te seguir agora, na prosperidade !

ACTO TERCEIRO

ESCENA I

Prisión

Pai Ubú, Nai Ubú.

PAI UBÚ : Corna finanza ! Comezamos a estar ben vestidos : mudáronnos a librea, un poquiño estreita para a nosa chedrolla, por estes fermosos traxiños grises. Diríase que estou de volta en Polonia.

NAI UBÚ : E ben aloxados. Estáse tan tranquilo como no palacio de Wenceslao. Ninguén chama ao timbre nin afunde portas.

PAI UBÚ : Si, ho ! As casas daquel país non se pechaban, entrábase nelas como o vento nun muíño de vento, daquela mandei fortificar esta con boas portas de ferro e sólidas reixas en todas as fiestras. Os amos seguen exactamente a orde de viren dúas veces ao día traernos a nosa comida, e por medio da nosa ciencia física, inventamos un dispositivo enxeñoso para que chova todas as mañáns a través do teito e así manter húmeda dabondo a palla desta nosa cela.

NAI UBÚ : Non poderemos saír cando queiramos, Pai Ubú.

PAI UBÚ : Saír ! Estou farto das marchas seguindo ao meu exército a través de Ucraña. Non me movo máis, cornachedrolla ! Agora recibo en audiencia nesta miña casa, e os bichos teñen permiso, en día sinalados, para virnos ver.

ESCENA II

Sala grande do tribunal

Pai Ubú, Nai Ubú, Mexapouquiño, Mexanopenico, Eleuteria, xuíces, avogados, secretarios, alguacís, gardas, pobo.

PAI UBÚ : Constatamos con pracer, señores, que toda a xustiza se puxo en movemento en honra nosa, que os nosos gardas non esqueceron os seus bigotes ben dourados das festas e domingos para rodearen de maior prestixio o noso banco coa nosa infamia, e que o noso pobo escoita ben e estase tranquilo !

ALGUACIL : Silencio !

NAI UBÚ : Cala, logo, Pai Ubú ! Vante poñer fóra.

PAI UBÚ : Non, ho ! Hai gardas para impedirme que saia. E mais teño que falar, que toda esa xente está aí só para me facer preguntas. – E agora, presentade os denunciante.

O PRESIDENTE : Póñanse de pé o acusado e a súa cómplice.

(Péganlles algunhas pancadas)

O voso nome ?

Francisco Ubú, antigo rei de Polonia e de Aragón, doutor en patafísica, conde de Mondragón, conde de Sandomir, marqués de Sangrugás.

MEXAPOUQUIÑO : Outramente chamado Pai Ubú

NAI UBÚ : Victorina Ubú, antiga raíña de Polonia.

MEXANOPENICO : Outramente chamada Nai Ubú.

O SECRETARIO : Acusado : a vosa idade ?

PAI UBÚ : Non a sei ben, deilla a gardar á Nai Ubú hai tanto tempo que xa lle esqueceu, e mesmo a súa.

NAI UBÚ : Malcriado ! Moinante !

PAI UBÚ : Señora miña... Dixeran que non había repetir aquela palabra, pois daríame sorte, faríame absolver e eu quero ir ás galeras.

O PRESIDENTE *(aos denunciante)* : Os vossos nomes ?

MEXANOPENICO : Marqués de Grandesaies.

PAI UBU *(furioso)* : Outramente chamado Mexanopenico.

O SECRETARIO *(escribindo)* : Mexanopenico, e a súa sobriña Eleuteria Mexanopenico.

ELEUTERIA : Síntoo, meu tío !

MEXANOPENICO : Estade tranquila, miña sobriña, sigo a ser o voso tío.

MEXAPOUQUIÑO : Marqués de Pradogrande.

NAI UBÚ *(furiosa)* : Outramente chamado Mexapouquiño !

ELEUTERIA : Ah !!!

(Desmáíase. Lévana)

PAI UBÚ : Que este pequeno incidente non vos retrase, señor Presidente, de nos impartirdes a xustiza que se nos debe.

O MINISTERIO PÚBLICO : Si, meus señores, este monstro xa emporcado con tantos crimes...

O DEFENSOR : Si, meus señores, este home honrado de pasado irreprochable...

O MINISTERIO PÚBLICO : Tras estender os seus negros desexos por medio dun cepillo de betún sobre os pés descalzos da súa vítima...

O DEFENSOR : Por moito que lle pediu misericordia de xeonllos a esta infame bandalleira...

O MINISTERIO PÚBLICO : Raptouna, en complicidade coa harpía da súa muller, e levouna no maleteiro dunha dilixencia...

O DEFENSOR : Veuse secuestrado coa súa esposa, muller virtuosa, no maleteiro dunha dilixencia...

PAI UBÚ (*Ao seu defensor*) : Perdón, señor ! Calade, que estades dicindo mentiras e impedides escoitar o relato das nosas proezas. Si, señores, tratade de abrir as onellas e de non facerdes rebumbio : nós fumos rei de Polonia e de Aragón, nós exterminamos unha infinidade de persoas, nós percibimos impostos triplos, non soñamos máis que con desangrar, esfolar, asasinar. Todos os domingos esmiolamos publicamente, riba dun outeiro, nos arredores, á beira dun carrussel de cabaliños e postiños de vendedores de coco... Estes asuntos vellos están xa pechados, porque nós temos moita orde. –Matamos o señor Mexanopenico, como volo ha certificar el persoalmente, e carregamos de xostrazos (dos que aínda levamos as marcas) o señor Mexapouquiño, o que nos impediu escoitar as chamadas de timbre da señorita Mexanopenico. Por iso ordeámoslles ao nosos señores xuíces condenarnos á pena máis grave que sexan quen de imaxinar, para que sexa proporcionada. Con todo, non á de morte, porque habería que aprobar orzamentos exorbitantes para a construción dunha guillotina abondo enorme. Veríamonos de moi bo grado nos traballos forzados, cun xeitoso pucho verde, ben cebado a cargo do Estado e ocupando o noso lecer en choíños pequenos. A Nai Ubú...

NAI UBÚ : Ei !...

PAI UBÚ : Cala miña neniña. -...ha fabricar quilómetros de esteiras de esparto. E como nos gusta ben pouco preocuparnos polo porvir, desexariamos que esa condena fose a perpetuidade, e que a nosa residencia vacacional estivese á beira do mar, nun clima sán.

MEXAPOUQUIÑO (*A Mexanopenico*) : Hai xente á que lle molesta ser libre.

MEXANOPENICO : E vos queriades casar coa miña sobriña ! Nunca lla hei sacrificar a un home que deshonra o nome de Mexapouquiño.

MEXAPOUQUIÑO : Nunca hei eu casar cunha rapaza da que o tío é indigno mesmo do nome de Mexanopenico !

ALGUACIL : O Tribunal...está a deliberar.

NAI UBÚ : Pai Ubú, esa xente vaite absolver de todos os xeitos, fixeche mal en non lle dicires sinxelamente aquela palabra.

MEXAPOUQUIÑO (*A Mexanopenico*): Vexo con satisfacción que estamos de acordo.

MEXANOPENICO : Vide aos meus brazos, meu xenro.

O PRESIDENTE : O Tribunal...Pai Ubú : sabedes remar ?

PAI UBÚ : Non sei se sei, mais sei facer andar, dando variadas ordes, un barco de vela ou de vapor en calquera dirección, atrás, ao lado ou abaixo.

O PRESIDENTE : Non importa. –O Tribunal... condena Francisco Ubú, chamado Pai Ubú, ás galeras a perpetuidade. Na prisión hanlle ferrar con grilletes un bolón en cada pé e será unido ao primeiro convoi de forzados ás galeras de Solimán.

...Condena a súa cómplice, chamada Nai Ubú á ferraxe cun bolón e á reclusión por vida no cárcere.

MEXAPOUQUIÑO E MEXANOPENICO : Vivan os homes libres !

PAI UBÚ E NAI UBÚ : Viva a escravitude !

ESCENA III

Prisión.

Entran Pai Ubú e Nai Ubú

Síntese entre bastidores o ruído dos seus bolóns de forzados

NAI UBÚ : Pai Ubú, de día para día estás máis guapo, estás feito para lewares o pucho verde e os trincos nas mans.

PAI UBÚ : E estánme a fabricar tamén un gran colar de ferro de catro aros, señora !

NAI UBÚ : E como é, Pai Ubú ?

PAI UBÚ : Señora miña femia, é igualiño á gorxeira do xeneral Lascy, que vos axudaba a mirar de esguello en Polonia, pero este non é dourado, porque me

aconsellastes ser aforrador. É moi sólido, do mesmo metal que os nosos bolóns, non de folladelata nin de ferro doce, senón de ferro de planchar !

NAI UBÚ : Idiota brután ! Os teus bolóns nos pés son un invento estúpido : vaste esparrar no chan, pai Ubú ! Que rebumbio !

PAI UBÚ : Nadiña, nai Ubú ! Así vouvos pisar os pés con maior eficacia !

NAI UBÚ : Misericordia, Pai Ubú !

ESCENA IV
Un beaterio
Varias solteironas

PRIMEIRA SOLTEIRONA : E mais si, miñas damas : neste país libre veu un gordechón que dixo que quería servir a todo o mundo e facer amos todos os homes libres. Os que non quixeron obedecer meteunos no seu saco e nos maleteiros da súa dilixencia.

SEGUNDA SOLTEIRONA : Non é todo. Ao volver da igrexa, unha gran multitude retívome diante da prisión, ese monumento en ruínas que só conservaba o departamento de Belas Artes e do que o carcereiro é membro da Academia. Ali se aloxa o Pai Ubú, a cargo do Estado, na espera de que bastantes persoas teñan seguido o seu exemplo en mereceren as honras da xustiza para formar un convoi presentable para as galeras de Solimán. Non ha tardar, pois xa houbo que derrubar varios pavillóns para ampliar as prisións.

TODAS : Poida o ceo conservar ese edificio !

ESCENA V
As mesmas, frei Tiburcio

FREI TIBURCIO : A paz sexa convosco !

PRIMEIRA SOLTEIRONA : Ai, meu Deus ! ... Non vos sentira petar.

FREI TIBURCIO : Non lles acai aos mensaxeiros da dozura introducir a turbación en parte ningunha, mesmo cun ruidiño lixeiro. Veño implorar a vosa habitual caridade para os pobres novos : os pobres presos.

SEGUNDA SOLTEIRONA : Os pobres presos !

PRIMEIRA SOLTEIRONA : Mais os pobres son xente libre, errante, que ven con gran provisión de muletas chamar de porta en porta, entón todo o mundo sae ás fiestras e mira como lle dades esmola na rúa.

FREI TIBURCIO (*tendendo a man*) : Para os pobres presos ! O Pai Ubú dixo que se ía facer forte na prisión coa Nai Ubú e os seus numerosos discípulos se non o atendían mellor nas quince comidas que quere facer cada día. Declarou a súa intención de poñer fóra todo o mundo, espidiño como a man durante o inverno (que predí moi rigoroso), en canto que el tería un bo abeiro, igual que os seus secuaces, sen outra tarefa de cortarse as unllas cunha serriña e observar a Nai Ubú bordar esteiras de esparto para lles dar caloriña aos bolóns dos escravos.

TODAS : Doce comidas ! Decotarse as unllas ! Esteiras para os bolóns ! Non lle imos dar nada, non, ho !

FREI TIBURCIO : Nese caso, que a paz sexa convosco, irmás ! Outros han petar máis forte e habedes escoitar mellor.

(Sae. Entran os policías e derrubadores. As beatas foxen. Rotura de cristais, reixa e fiestras. Retiran os mobles e substitúeno por palla que humedecen cunha regadeira. A sala é transformada totalmente no decorado da escena seguinte.)

ESCENA VI

Prisión

Pai Ubú, encadeado. Mexapouquiño.

PAI UBÚ : Ei, Mexapouquiño, meu amigo ! Velaí estás sen abeiro, andando os camiños cos teus tres esfarrapados. Ves mendigar axuda á arca das nosas fyanzas. Non vas ter nin mesmo a do maleteiro da dilixencia para a túa noite de voda coa señorita Mexanopenico. Tamén ela está libre, non ten outra prisión que seu tío : e alá non é impermeable cando chove. Mira, eu non saio, teño un bonito bolón en cada pé e non vou ir enferruxalos coa humidade, porque, sen recuar ante calquera gasto, fíxenos niquelar !

MEXAPOUQUIÑO : Ah, isto é forte de máis, Pai Ubú ! Vouvos pillar polos ombreiros e arrancarvos desta cuncha.

PAI UBÚ : A vosa liberdade é sinxela de máis, meu querido amigo, para facer un forcadiño de comer caracois, ferramenta bífida, e eu estou chantado á muralla. Boa noite. As farolas acéndese fóra por orde nosa no caso de que a cometa na que vós liscaredes (sabémolo pola noso coñecemento científico en meteoroloxía) non fose astro suficiente. Ides ver moi lonxe no frío, a fame e o baleiro. Son horas do noso repouso. O noso carcereiro vaivos botar fóra.

ESCENA VII
Os mesmos, o carcereiro

O CARCEREIRO : Pechamos.

ESCENA VIII
*Un desvío do serrallo.
Solimán, o visir e séquito*

O VISIR : Señor, o País Libre anúnciavos por fin á Vosa Maxestade o tributo que aínda non dera reunido, a cadea dos dous centos forzados, e entre eles o ilustre Pai Ubú, máis gordo (aínda que se manifeste casado coa non menos célebre Nai Ubú) que o máis enorme dos vosos eunucos.

SOLIMÁN : En efecto, sentín falar dese Pai Ubú. Disque foi rei de Polonia e de Aragón, e tivo aventuras maravillosas. Mais come carne de porco e mexa de pé. Debe ser un tolo ou un herexe !

O VISIR : Está moi versado en toda caste de ciencia e poderá ser útil para distraer a Vosa Maxestade. Non ignora nada da meteoroloxía nin da arte náutica.

SOLIMÁN. Está ben, así ha remar con máis precisión nas miñas galeras.

ACTO CUARTO

ESCENA PRIMEIRA *Praza de diante da prisión.* *Os tres homes libres*

PRIMEIRO HOME LIBRE (*Ao segundo*) : Onde ides, compañeiro ? Ao exercicio, como cada mañán ? Ei, estades obedecendo, paréceme !

SEGUNDO HOME LIBRE : O cabo prohibiume ir nunca ao exercicio, pola mañán, destas horas. Son un home libre e vou as mañáns todas.

PRIMEIRO E TERCEIRO HOMES LIBRES : E é así como casualmente nos atopamos todos os días para desobedecermos xuntos de tal hora a tal hora.

SEGUNDO HOME LIBRE : Pois hoxe o cabo non veu.

TERCEIRO HOME LIBRE : É libre de non vir.

PRIMEIRO HOME LIBRE : E como chove...

SEGUNDO HOME LIBRE : Somos libres de non nos gustar a chuvia.

PRIMEIRO HOME LIBRE : Xa volo dicía eu. Estádevos volvendo obedientes.

SEGUNDO HOME LIBRE : É o cabo, o que ten pinta de se volver así. Falta moitas veces aos exercicios de indisciplina.

TERCEIRO HOME LIBRE : ...Divértenos facer garda diante desta prisión. Hai garitas.

SEGUNDO HOME LIBRE : Garitas libres.

TERCEIRO HOME LIBRE : E, por parte, abeirarnos nelas é unha das cousas que nos están formalmente prohibidas.

PRIMEIRO HOME LIBRE : Sodes os homes libres !

SEGUNDO E TERCEIRO HOMES LIBRES : Somos os homes libres.

ESCENA SEGUNDA Os mesmos, Lord Catoblepas, o seu criado

LORD CATOBLEPAS : Oh ! Esta cidade é notable porque está composta de casas, como as cidades todas, e porque as súas casas todas aseméllanse a todas as casas ! Non é nada *curious*. En fin, penso que cheguei ao *palace* do rei. –Jack !

(*O criado saúda*)

LORD CATOBLEPAS : Buscade no dicionario. Buscade *palacio*.

JACK (*Lendo*) : Palacio : Edificio de pedra de cantaría, adornado con reixas de ferro forxado. *Royal-Palace*. LOUVRE : mesmo modelo, con barreira, a maiores, e gardas que vixían e prohiben a entrada.

LORD CATOBLEPAS : Está ben, o que di, mais non e *sufficient*. Jack, preguntádelle ao garda se éste é de certo o *palace* do rei.

JACK (*Ao primeiro home libre*) : Militar, é este de certo o *palace* do rei ?

SEGUNDO HOME LIBRE (*ao Primeiro*) : A verdade obrígate a confesar que nós non temos rei, e que esta casa non é, logo, o palacio do rei. Somos os homes libres !

PRIMEIRO HOME LIBRE (*Ao segundo*) : A verdade obrígame ? Somos os homes libres ! Temos, pois, que desobedecer, mesmo á verdade. –Si, señor estranxeiro, esta casa é o palacio do rei.

LORD CATOBLEPAS : Oh ! Dádesme moito *pleasure*. Velaí, para vós, unha boa propina. –Jack !

(*O criado saúda*)

LORD CATOBLEPAS : Ide petar á porta e preguntade se podemos entrar a visitar o rei.

(*O criado peta*)

ESCENA III

Os mesmos, o Carcereiro

O CARCEREIRO : Non se pode entrar, señores.

LORD CATOBLEPAS : Oh ! Este *gentleman* é o *gentleman* encargado da vixiancia do rei. Non vai levar propina, pois que non deixa entrar os turistas ingleses. (*Ao primeiro home libre*) –Non sería posible facer vir aquí Súa Maxestade ? Eu estaría moi *curious* de ver o rei, e se quere tomarse a molestia, ha levar el unha boa propina.

TERCEIRO HOME LIBRE (*ao primeiro*) : De primeiras, que non hai rei nin raíña, nin dentro nin noutra parte, e despois, que a xente que está aquí dentro, non sae.

PRIMEIRO HOME LIBRE : É xusto. (*A Lord Catoblepas*) – Señor estranxeiro, o rei e a raíña que están aquí dentro saen cada día co seu séquito para recoller as propinas dos turistas ingleses !

LORD CATOBLEPAS : Oh ! Agradézovolo moito. Velaí tedes, para que sigades bebendo á miña saúde. –Jack, despregade a tenda e abride unhas latas de *corned-beef*. Vou agardar aquí a hora da audiencia do rei e do bicamán da Súa *Gracious Majesty the Queen* !

ESCENA IV
Patio da prisión
Pai Ubú ; Nai Ubú, Forzados, Cómitres

OS FORZADOS : Viva a escravitude ! Viva o Pai Ubú !

PAI UBÚ : Nai Ubú : tes un anaco de corda, para que eu remende a cadea dos meus bolóns ? Son tan pesados que sempre teño medo de deixalos no camiño.

NAI UBÚ : Personaxe estúpido !

PAI UBÚ : Velaí a canga que se desfecha e e os trincos que me pasan por riba das mans. Voume atopar en liberdade sen ornamentos, sen escolta, sen honores e obrigado a contribuír eu propio a todas as miñas necesidades !

UN CÓMITRE : Señor Ubú : velaí o voso pucho verde a voar por riba dos muíños.

PAI UBÚ : Que muíños ? Xa non estamos no outeiro de Ucrania. Non vou recibir máis pancadas. Vaites, ho, non teño xa cabalo de fyanzas.

NAI UBÚ : Ti sempre dicías que el non sabía levarte.

PAI UBÚ Porque non comía nadiña, corno de Ubú ! O meu bolón tampouco, éche certo : non vai dicir nada se o roubas, e eu non teño comigo ningún libro das finzas. Aínda que non me adianta moito, a cousa. É a administración das galeras turcas a que me vai roubar en lugar de ti. Adeus, Nai Ubú : á nosa separación fáltalle de certo unha música militar.

NAI UBÚ : Velaí ven a escolta dos cómitres co seus galóns dourados.

PAI UBÚ : Contentémonos, pois, co noso monótono chouqueleo de ferralla. Adeus, Nai Ubú. Decontadiño me hei aledar co ruxir das vagas e dos remos ! O meu carcereiro vai velar por ti.

NAI UBÚ : Adeus, Pai Ubú ! Se regresas para buscar algo de repouso, hasme atopar de novo no cuartiño ben pechada. Ai ! Os nosos adeuses son esgazadores de máis, voute acompañar deica a porta¹

(O Pai Ubú, a Nai Ubú e os Forzados afástanse, arrastrando as súas cadeas e empurrándose cara á porta, que está no fondo)

ESCENA V

Praza de diante da prisión

Lord Catoblepas, o criado, os tres homes libres, o carcereiro.

(O carcereiro desfecha as tranqueiras, ferrollos e candados exteriores da porta)

LORD CATOBLEPAS : Jack ! Repregade a tenda e varrede todas esas latas de conservas baleiras para recibirmos correctamente as Súas Maxestades !

PRIMEIRO HOME LIBRE *(Espantosamente bébedo, cun xerro de cervexa na man)* : Velaí está o rei ! Viva o rei ! Hurra !

SEGUNDO HOME LIBRE : Imbécil ! É o Pai Ubú e a Nai Ubú !

TERCEIRO HOME LIBRE : Cala, ho, que imos pillar a nosa parte de propinas e bebidas !

SEGUNDO HOME LIBRE : Calar ? Somos os homes libres ! *(Berrando)* Viva o rei ! O rei ! Hurra !

(Ábrese a porta. Os cómitres comezan a saír)

ESCENA VI

Os mesmos, cómitres, Pai Ubú, Nai Ubú.

PAI UBÚ *(Deténdose estupefacto no limiar do patín coa Nai Ubú)* : Eu toleo, cornachedrolla ! Que significan eses berros e ese rebumbioP ? E esa xente bébeda como en Polonia ? Vanme coroar outra vez e zorregar paus de novo !

NAI UBÚ : Estes nobres personaxes non estan bébedos en absoluto. A proba. Velaí un deles que ven implorar bicarme a man de raíña !

LORD CATOBLEPAS : Jack ! Parade quieto ! Amodo ! Buscade no *dictionary* : Rei, Raíña.

JACK (*Lendo*) : King. Queen : o que / a que leva unha canga de metal no pescozo, ornamentos como cadeas e cordas nos pés e nas mans. Terma dunha bola que representa o mundo...

LORD CATOBLEPAS : O rei deste país e un gran, grosso e dobre rei ! Leva dúas bolas e arrástraas cos pés !

JACK (*lendo*) : Rei de Francia : mesmo modelo. Leva un manto de flor de lis prendido ao lombo.

LORD CATOBLEPAS. Este rei non leva nada ao lombo e ten unha bonita flor de lis vermella gravada na pel. É un bo e antigo rei hereditario. Viva o rei !

JACK E OS HOMES LIBRES : Viva o rei ! Hurra !

PAI UBÚ : Ai, meu Deus, estou perdido ! Onde me podería agachar, cornachedrolla?

NAI UBÚ : Están aviados, os teus proxectos de escravitude ! Querías embetumarlle os pés a esta xentiña e son eles os que che bican a man ! A eles dálles tan pouco noxo como a ti !

PAI UBÚ : Señora nosa esposa, coidadiño coas vosas onellas ! Imos zoupar cando xa non teñamos distracción. Agarda un pouquiño, vounos botar fóra nobremente, como no tempo feliz en que eu enchía a rebordar o trono de Wenceslao... - Cornafinanza, morea de macacos ! Queredes liscar de vez ? Non nos gusta que nos fagan rebumbio, ninguén nos fixo aínda rebumbio e non ides vós ser os primeiros !

(Retíranse todos con gran respecto con gritos repetidos de « Viva o rei ! »)

ESCENA VII

Pai Ubú, Nai Ubú, os forzados, e entre estes o decano e frei Tiburcio

(Os forzados puxéronse detrás do Pai Ubú durante a súa increpación, e cobren en desorde todo a escena)

NAI UBÚ : Ah, por fin fóronse. Mais que é esta xente toda, agora ?

PAI UBÚ : Son amigos, colegas nosos da prisión, discípulos e secuaces meus.

OS FORZADOS : Viva o rei !

PAI UBÚ : Outra vez ! Calade, ou, pola miña candeia verde, mítovos nu saco !

O DECANO DOS FORZADOS : Pai Ubú, non vos irriteades. Rendemos homenaxe ao voso mérito conservándovos ese título, inseparable do voso nome, e pensamos que

entre nós, na intimidade, a vosa modestia ha consentir orgullecerse del !

NAI UBÚ : Que ben fala !

PAI UBÚ : Ah, meus amigos ! Estou fondamente emocionado. Con todo, non vos farei distribución de diñeiro...

NAI UBÚ: Ai, ho ! Era boa !

PAI UBÚ : Larpeonísima !... – Porque xa non estamos en Polonia, mais coido facer xustiza ás vosas virtudes e ao voso sentemento do honor supoñendo que ides recibir sen desagrado da nosa man (real, pois que vos prace dicir así) algunhas distincións. Estas han servir para poder abreviar as competicións tocante á xerarquía dos lugares, ao longo da nosa cadea, detras da nosa chedrolla ! Vós, venerable decano dos nosos phorzados, vello comedor de ras, sede gran tesoureiro das nosas phynanzas todas ! Ti, o de alá atrás, o sen-pernas, preso por falsario e asasino, conságrote xeneralísimo ! Vós, frei Tiburcio, que tedes parte dun cabiño do noso rosario de ferro por bandullada, pillaxe e demolición de moradas, o noso gran capelán ! Ti, o envelenador, o noso médico ! Vós todos, ladróns, bandidos, arrancadores de miolos, noméovos sin distinción valentes Ouficiais do noso Exercimerdra !

TODOS : Viva o rei ! Viva o Pai Ubú, Viva a escravitude ! Viva Polonia ! Viva o exercimerdra !

ACTO V

ESCENA PRIMEIRA

Praza diante da prisión

Eleuteria, Mexanopenico, Mexapouquiño, homes libres, pobo.

MEXAPOUQUIÑO : Adiante, compañeiros ! Viva a liberdade ! Levan no convoi o vello galeote do Pai Ubú, as prisións están baleiras e non queda máis que a Nai Ubú que está a torcer esparto ! Somos libres de facer o que queiramos, mesmo de obedecer, de irmos a onde nos peta, mesmo á carcere ! A liberdade é a escravitude !

TODOS : Viva Mexapouquiño !

MEXAPOUQUIÑO : Estou disposto a aceptar mandarvos : imos invadir as prisións e suprimir a liberdade !

TODOS : Hurra ! Obedezamos ! Adiante ! Á prisión !

ESCENA II

Os mesmos, Nai Ubú, Carcereiro

MEXAPOUQUIÑO : Ai, ho ! A Nai Ubú estáse a fabricar unha máscara cos barrotes da súa cela. Estaba mellor sen ela : semellaba unha rapariguiña.

NAI UBÚ : Infame Mexapouquiño !

O CARCEREIRO : Non se pode entrar, señores. Quen sodes ? (*Berros e balbordo*)
Homes libres ? Daquela, circulade !

PRIMEIRO HOME LIBRE : Rompamos os barrotes !

SEGUNDO HOME LIBRE : Non os rompamos, non ! Non estaríamos xa na nosa casa, unha vez dentro !

TERCEIRO HOME LIBRE : Ataquemos a porta !

ELEUTERIA : Hai tempo que estamos chamando e a nosa porteira fainos agardar.

NAI UBÚ (*Furiosa*) : Petade e abriránvos !

(Ao través da súa lumieira bate en Mexanopenico co seu cullerón de barro e párteo en dous, de enriba a abaixo.)

MEXANOPENICO (« Xuntos ») : Non te asustes, miña neniña, agora tes dous tíos.

TODOS : Velaí estamos, por fin, na nosa casa !

(A porta cede e eles entran. O carcereiro foxe. A Nai Ubú sae. A pórtala vólvese pechar. A Nai Ubú fica entalada polo seu bolón. Eleuteria bota o seu brazo, armado de tesouriñas polo portelo e corta a cadea.)

ESCENA III

*Convoi dos forzados a través de Esclavonia.
Cómitres, forzados, Pai Ubú.*

PAI UBÚ : Estamos perecendo, cornachedrolla ! Maxestade Noso Amo, tede a amabilidade de non deixar de nos suxeitar pola cadea, a fin de termar do noso bolón. E vós Maxestade Cómitre, volvédenos poñer os trincos das mans, a fin de que non nos sexa dificultoso xuntarmos nós mesmos as mans detrás das costas, como é o noso costume no paseo. E apretádenos a canga, pois poderíamonos enfriar !

O CÓMITRE : Ánimo, Pai Ubú, xa estamos chegando ao porto das galeras.

PAI UBÚ : Deploramos máis que nunca que o estado das nosas finanzas siga sen nos permitir adquirirmos un vehículo celular individual porque, ao se negar o noso bolón a camiñar diante nosa a fin de nos arrastrar, levamos feito o camiño todo arrastrándoo nós mesmo por medio do noso pé, aínda que se detivese moi a miúdo, aparentemente a causa das súas necesidades !

ESCENA IV

Os mesmos, carcereiro.

CARCEREIRO (*Acudindo*) : Todo está perdido, Pai Ubú !

PAI UBÚ : Outra vez, macaco ! E mais xa non son rei.

CARCEREIRO : Os amos subleváronse ! Os homes libres son escravos e a min botáronme fóra e arrancaron a Nai Ubú da prisión. Como proba da veracidade destas nova, velaí o bolón da Nai Ubú (*Trae o bolón nun carriño de man*), pois atopárona indigna de levalo e, por parte, que el rompeu a súa cadea, negándose a seguila máis tempo !

PAI UBÚ (*mete o bolón no seu peto*) : Ao demo os reloxios sen corda ! Un pouco máis e non me collía no peto !

CARCEREIRO : Os amos déronlle abeiro nas prisións ás súas mulleres e fillos pequenos. Invadiron os polvoríns e xusto atoparon bolóns abondo para encaravillalos nos seus pés en signo de escravitude. A maiores, pretenden ocupar antes ca vós as galeras de Solimán.

OS CÓMITRES : Eu sublévome tamén ! –Viva a servidume ! – Xa estamos fartos ! Queremos ser escravos á nosa vez, carallo !

PAI UBÚ (*A un cómitre*) : Velaí o noso benquerido bolón. Xa volo pediremos de volta cando nos atopemos menos fatigado.

(Dalles os seus bolóns para que os leven a dous cómitres, á súa dereita e á súa esquerda. Os forzados, ante as súplicas destes, cargan coas súas cadeas aos cómitres. Balbordo ao lonxe.)

CÓMITRES E FORZADOS : Os amos sublevados !

PAI UBÚ : Vamos, señores ! Collamos a nosa valentía coas dúas mans. Vexo que estades armados e dispostos a recibir afoutadamente o inimigo. Canto a nós, a pé firme, imos tranquilamente marcharnos para nos salvar, sen esperar esta xente, animada sen dúbida con malas intencións e, se lle fago caso a este ruído de ferralla, pesadamente cargados !

O CARCEREIRO : Son cañonazos ! Teñen artillaría, Pai Ubú.

PAI UBÚ : Ai, morro co medo. A miña prisión ! As miñas pantufas !

(Os cañóns rodean o escenario)

ESCENA V

Os mesmos, Mexapouquiño, homes libres encadeados

MEXAPOUQUIÑO : Rendédevos, Pai Ubú ! Devolvede as cangas e os ferros ! Sede libre ! Ímosvos deixar espido en plena luz !

PAI UBÚ : Ai, ti, señor Mexapouquiño ! Se me das pillado...

(Lisca)

MEXAPOUQUIÑO : Cargade os cañóns ! Fogo contra esa tonelada de covardía !

OS TRES HOMES LIBRES : Obedezamos. En conxunto. Todos á de tres !

PRIMEIRO HOME LIBRE : Cabo, o bolón non saíu disparado.

SEGUNDO HOME LIBRE : Foi a perna do terceiro home a que saíu disparada !

PRIMEIRO HOME LIBRE : Do pé esquerdo, claro.

SEGUNDO HOME LIBRE : Non hai xa bolóns na batería. Utilizáronse todos para prendelos dos uniformes ás pernas !

PAI UBÚ : Ei ! Velaí o da Nai Ubú, que nos molesta no peto. (*Bate con el a Mexapouquiño*) Probade un pouco esta descarga !

(Machuca nos homes libres a golpes de cómitre encadeado)

OS HOMES LIBRES : Sálvese quen poida !

(Foxen arrastrando as cadeas e perseguidos polos forzados desamarrados. De cando en cando o Pai Ubú pilla o extremo da cadea e detén a fileira toda)

CARCEREIRO : Salvámonos ! Velaí as galeras dos turcos !

(A desfeita detense. Solimán, o visir e o séquito aparecen ao fondo)

ESCENA VI
*Campo dos turcos.
Solimán, o visir.*

SOLIMÁN : Visir : recibistes a entrega de dous centos escravos ?

VISIR : Maxestade, fixen un recibo por dous centos escravos, pois que así acordaramos co País Libre, mais o convoi realmente é de máis de dous mil. Non entendo nada. A maior parte deles están encadeados dun xeito ridículo e reclaman a gritos que lles poñan ferros, o que aínda entendo menos, a menos que non dean con iso testemuño da súa présa por participaren na honra de remar nas galeras da Vosa Maxestade.

SOLIMÁN : E o Pai Ubú ?

VISIR : O Pai Ubú pretende que lle roubaron os seus bolóns de forzado no camiño. Está dun humor feroz e manifesta de meter todo o mundo no seu saco. Está a romper os remos todos e a afundir os bancos para comprobar se son sólidos.

SOLIMÁN : Abonda ! Tratádeo coa maior delicadeza. Non é que eu teña medo da súa violencia... Agora que o vin ao perto, sei o moi por riba que está da súa sona

aínda. E pertencíame descubrirlle un novo título de gloria : aprendede quen é ese Pai Ubú que me traían como escravo. Ese aire nobre, esa prestancia... É o meu propio irmán que foi raptado hai moitos anos polos piratas franceses e obrigado a traballar en distintos campos de traballos forzados, o que lle permitiu elevarse ás eminentes situacións de rei de Aragón e, despois, de Polonia ! Bicade a terra de entre as súas mans, mais evitade de lle revelardes ese recoñecemento maravilloso, porque se instalaría no meu imperio coa súa familia e devoraríao en pouco tempo. Embarcádeo para calquera sitio e facédeo rapidiño.

VISIR : Maxestade, obedezco.

ESCENA VII
O Bósforo.
Pai Ubú, Nai Ubú.

NAI UBÚ : Esta xentiña vai embarcarnos como gando, Pai Ubú !

PAI UBÚ : Pois mellor, voume estomballar como un boi mirando como reman eles.

NAI UBÚ : Non che rendeu moito seres escravo : ninguén quere xa ser teu amo.

PAI UBÚ : O que ? Eu si que quero aínda ! Comezo a comprobar que a MIña Chedrolla é máis grosa que a terra toda, e máis digna de que me ocupe dela. Dende agora vou servila a ela.

NAI UBÚ : Sempre tés razón, Pai Ubú.

ESCENA VIII
Galera capitá.
Pai Ubú, Nai Ubú, o cómitre.
Todos os personaxes que vimos na peza encadeados aos banco dos forzados

PAI UBÚ : Que verdor, Nai Ubú ! Creríamonos no pasteiro das vacas.

FORZADOS (*Remando*) : SEGANDO NA HERBA !

PAI UBÚ : É a cor da esperanza. Agardemos un final feliz para as nosas aventuras todas.

NAI UBÚ : Que música tan estraña ! Seica están todo amormeirados coa orballada, que cantan polo nariz ?

O CÓMITRE : Para vos agradar, meu señor e miña señora, mudei a mordaza habitual dos forzados por nunús.

FORZADOS : SEGANDO NA HERBA !

CÓMITRE : Queredes dirixir vós a manobra, Pai Ubú ?

PAI UBÚ : Ai, non ! Aínda que me botastes fóra do país e me enviades non sei onde como pasaxeiro desta galera, non deixo de ser Ubú encadeado, escravo, e non vou mandar xa. Obedécenme ben máis.

NAI UBÚ : Estamos afastándonos de Francia, Pai Ubú.

PAI UBÚ : Ei, miña neniña, non te preocupes pola terra a onde cheguemos ! Seguro que ha ser algún país extraordinario para ser digno de nós, visto que nos levan a el nunha trirreme de catro fileiras de remos !

FIN